



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE
1º DE PRIMARIA**

Índice

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
3	CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	4
4	OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	4
5	PERFIL COMPETENCIAL.....	5
6	CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
7	METODOLOXÍA.....	8
	7.1 Presencial.....	8
	7.2 Non presencial.....	8
	7.3 Semipresencial.....	8
	7.4 Agrupamentos e espazos.....	8
8	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (incluídos os libros de texto).....	8
9	A AVALIACIÓN.....	9
	9.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
	9.2 Criterios de cualificación.....	10
	9.3 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.....	11
	9.4 Criterios de promoción.....	11
	9.5 Actividades de recuperación e os reforzos.....	12
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
11	ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS.....	13
	11.1 Accións de contribución ao proxecto lector.....	13
	11.2 Accións de contribución ao plan tic.....	13
	11.3 Accións de contribución ao plan de convivencia.....	14
	11.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico.....	14
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	15
13	OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS.....	16
	13.1 CIENCIAS DA NATUREZA.....	16
	13.2 CIENCIAS SOCIAIS.....	22
	13.3 MATEMÁTICAS.....	33
	13.4 LINGUA GALEGA.....	42
	13.5 LINGUA CASTELÁ.....	57
	13.6 EDUCACIÓN PLÁSTICA.....	68
	13.7 VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.....	74
14	PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	82
15	PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE.....	82

1 INTRODUCCIÓN

Fundamento legislativo:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 171)
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta os obxectivos da etapa recollidos no Decreto 105/2014, incidirase dende todas as áreas nos seguintes aspectos:

- Expresión oral
- Expresión escrita
- Comprensión oral
- Comprensión escrita
- Razoamento lóxico
- Cálculo
- Linguaxe matemática
- Control emocional
- Educación audiovisual

2 CONTEXTUALIZACIÓN

Situado na parroquia de Santa María de As Neves, o CEIP Marquesa do Pazo da Mercé é o único centro de Educación Infantil e Educación Primaria do concello de As Neves.

O concello de As Neves, situado no sur da provincia de Pontevedra e separado de Portugal polo río Miño, ten arredor de 3900 habitantes repartidos polas súas 13 parroquias. Limita tamén con Salvaterra de Miño, Pontearreas, Arbo e A Cañiza.

Os falecementos (por idade) e a busca doutros modos de vida lonxe do Miño seguen baleirando un concello que noutros tempos chegou a 5000 habitantes que vivían vinculados á agricultura. Hoxe as cousas son doutro xeito: moitas familias mudáronse a localidades limítrofes con máis oportunidades de traballo e posibilidades de conciliación familiar. A vida na cidade resulta máis atractiva para as familias máis xoves, e os que seguen residindo no concello dedícanse ao cultivo minifundista, aínda que se están facendo grandes esforzos e notables progresos no eido da viticultura.

Traballadores do campo e do sector servizos, as familias nevenses teñen un poder adquisitivo medio-baixo.

A pesar de ser unha zona rural, a lingua predominante nos nenos é o castelán. Os maiores diríxense aos cativos en castelán e edúcanos nesta lingua, relegando o galego a un uso secundario (para a comunicación entre eles e o mundo do campo).

Desde o goberno municipal non se escatiman esforzos por facilitar o acceso á cultura e a educación.

3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do centro está comprendido entre os 3 e os 12 anos. Contamos cunha excepción: un alumno que, polas súas características e necesidades persoais, flexibiliza por segunda vez, está en 6º de E. Primaria e ten 14 anos.

Na súa maioría proceden de familias que viven nalgunha das 13 parroquias do concello, aínda que hai certo número de casos que residen en concellos limítrofes como Pontearreas ou Salvaterra, e que se desprazan ao centro todos os días.

Arredor do 18% do alumnado do centro presenta necesidades educativas especiais que son atendidas polos especialistas de PT e AI do centro. Para unha mellor atención destas necesidades especiais, contamos no centro cunha aula específica á que acoden diariamente, e en determinadas horas, 2 alumnos con TEA.

As necesidades de atención educativa que temos no centro son as seguintes:

- 1 TEA
- 2 TDAH
- 3 Dislalias, rotacismos, disfasias...
- 4 Atrasos na aprendizaxe froito dun ambiente familiar desfavorecido
- 5 Atrasos na aprendizaxe froito dunha maduración tardía
- 6 Hipoacusias (de distinta índole e etioloxía)
- 7 Altas capacidades

Unha alta porcentaxe do alumnado é castelán falante, sendo minoritario o uso da lingua galega.

4 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

5 PERFIL COMPETENCIAL

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA			
NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	CN	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	10 %
1º	LC	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	10 %
1º	LC	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	10 %
1º	LC	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	10 %
1º	LG	LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	10 %
1º	LG	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	10 %
1º	LG	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	5 %
1º	LG	LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	10%
1º	MT	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	10%
1º	LE	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios vi-	5 %

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

		suais moi redundantes que axuden á comprensión.	
1º	LE	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	5 %
1º	LE	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	5 %

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	CN	CNB2.2.1 Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	5 %
1º	CN	CNB3.1.2 Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	5 %
1º	CS	CSB2.1.1 Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	5 %
1º	MT	MTB2.3.3 Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.	45 %
1º	MT	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados	40 %

COMPETENCIA DIXITAL

NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	CN	CNB5.2.1 - Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	25%
1º	LC	LCB4.5.1 - Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	25%
1º	LG	LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	25%
1º	MT	MTB1.3.1 - Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	25%

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	CN	CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	10 %
1º	CS	CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	10 %
1º	EF	EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	10 %
1º	EM	EMB2.3.4 - Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	10 %
1º	EP	EPB2.1.3 - Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	10 %
1º	LC	LCB.2.2.1 - Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	10 %
1º	LC	LCB5.4.1 - Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	10 %
1º	LG	LGB2.7.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	10 %
1º	MT	MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	10 %
1º	LE	PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	10 %

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	EF	EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	20 %
1º	EM	EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	20%
1º	EP	EPB2.1.3 - Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	20 %
1º	LC	LCB.1.7.1 - Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	20 %
1º	LG	LGB5.1.1 - Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	20 %

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%
1º	CN	CNB1.1.2 - Manifiesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	20 %
1º	CS	CSB1.1.2 - Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	20 %
1º	EF	EFB1.3.2 - Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	10 %
1º	EP	EPB2.2.2 - Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	10 %
1º	LC	LCB.1.9.1 - Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	10 %
1º	LG	LGB3.1.2 - Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	10 %
1º	MT	MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	20 %

6 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O desenvolvemento das competencias clave abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar.

As competencias clave que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

En cada estándar reflectirase a competencia clave coa que está ligado.

7 METODOLOXÍA

Dependendo da evolución da situación extraordinaria que estamos vivindo pola COVID-19, a metodoloxía a pode ser presencial, non presencial ou semipresencial.

7.1 Presencial

O ensino presencial desenvólvese no centro aplicando os principios metodolóxicos que teñen como protagonista ao alumnado.

Como medida de precaución e de evitar riscos de contaxio e propagación de virus, este ano limitaríanse un pouco as metodoloxías colaborativas evitando a proximidade física do alumnado. O traballo será eminentemente individual, procurando canta menos mobilidade mellor e evitando que o alumnado comparta obxectos que non se desinfecten previamente.

7.2 Non presencial

O desenvolvemento da metodoloxía non presencial terá lugar se houberse que suspender o ensino presencial. Neste caso cobraría protagonismo a aula virtual, e a través dela seguiríase co proceso de E-A. de xurdiren problemas/dificultades de acceso á tecnoloxía por parte das familias/alumnado, buscaríase o xeito de solucionarlos (pedindo axuda ao Concello, prestando ordenadores ou tabletas...).

7.3 Semipresencial

De haber instrucións dun ensino semipresencial, combinaríamos os métodos empregados no ensino presencial e a aula virtual, tendo en conta sempre as diferenzas/dificultades de acceso á tecnoloxía que pode ter o alumnado e intentando resolver os atrancos que se presenten.

7.4 Agrupamentos e espazos

Este curso, debido á situación de risco de contaxio no que nos atopamos, o alumnado traballará de xeito individual e en gran grupo (toda a clase). Non haberá agrupamentos pequenos (parellas, grupos de 3, 4...). Todo o alumnado estará sentado no seu sitio, levantándose o imprescindible e sen xuntarse cos compañeiros. Tampouco se compartirá ningún tipo de material ou recurso.

Polo tanto, os espazos están determinados desde o inicio de curso, contemplándose solo a posibilidade de cambiar a situación dun alumno por outro dentro da aula (previa desinfección das mesas e cadeiras).

8 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (incluídos os libros de texto)

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

RECURSOS HUMANOS:

- persoa titora,
- especialista de PT
- especialista de AL
- especialista de Música
- especialista de Inglés
- especialista de Relixión
- especialista de E. Física

RECURSOS MATERIAIS

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, bolígrafos, cartolinas...
- Material elaborado polo profesorado: fichas impresas, guías...
- Recursos dixitais: páxina web do centro, aula virtual, PDI, ordenador...
- Material específico de PT e AI
- Libros de texto:

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	LENGUA 1	ANAYA	CASTELÁN

LINGUA GALEGA	LINGUA 1º	SANTILLANA	GALEGO
MATEMÁTICAS	CADERNO ABN 1	ANAYA	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 1 Saber facer contigo-serie explora	SANTILLANA	GALEGO
CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 1 Saber facer contigo- serie observa	SANTILLANA	GALEGO
	SNAPPET – PROXECTO TABLETS		

9 A AVALIACIÓN

9.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é continua, global, formativa e integradora e tense en conta o progreso do alumnado no conxunto de todas as áreas do currículo.

Os resultados da avaliación do alumnado na Educación Primaria expresaranse nos termos de: “Insuficiente (IN)” para as cualificacións negativas, e “Suficiente (SU)”, “Ben (BE)”, “Notable (NT)” ou “Sobresaliente (SB)”, para as cualificacións positivas. A estes termos daraselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1,2,3 ou 4
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 ou 8
- Sobresaliente: 9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Empregaranse as seguintes técnicas e instrumentos de avaliación:

Técnicas	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa 	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de cotexo • Escala de observación • Portafolios de evidencias
<ul style="list-style-type: none"> • Análise das producións do alumnado (escritas e orais) 	<ul style="list-style-type: none"> • Lista de control • Escala de observación • Lista de cotexo • Rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais 	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación • Lista de cotexo
<ul style="list-style-type: none"> • Autoavaliación e co-avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> • Escalas de actitudes • Rubrica
<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas 	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas • Test
<ul style="list-style-type: none"> • Probas orais 	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas

Ao ser unha avaliación continua, poderase incorporar reforzo ou ampliación para o alumnado que o precise en calquera momento.

Ao longo do curso realizaremos tres sesións de avaliación que se recollerán en acta e faranse constar as medidas de reforzo que sexan necesarias.

Ao remate de cada unha das sesións de avaliación, as familias/ titores legais do alumnado, recibirán información dos resultados e das medidas de reforzo e/ou recuperación que se adoitaron en caso de ser necesario levalas a cabo.

9.2 Criterios de cualificación

A cualificación do alumnado farase atendendo ao seguinte:

	Aspectos a valorar	Valoración
LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA	Lectura (fluidez, entonación, ritmo...)	10 % → 1
	Comprensión lectora	20 % → 2
	Expresión escrita (coherencia...)	20 % → 2
	EXPRESIÓN ORAL	10 % → 1
	Gramática, sintaxe...	10 % → 1
	Ortografía	10 % → 1
	Orde e limpeza nos cadernos e traballos	10 % → 1
	Actitude e participación	10 % → 1
MATEMÁTICAS	Cálculo e operación	40 % → 4
	Comprensión e resolución de problemas	40 % → 4
	Orde e limpeza nos cadernos e traballos	10 % → 1
	Actitude e participación	10 % → 1
CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS	Comprensión e exposición dos conceptos básicos	40 % → 4
	Realización dos exercicios e actividades	40 % → 4
	Orde e limpeza nos cadernos e traballos	10 % → 1
	Actitude e participación	10 % → 1
EDUCACIÓN PLÁSTICA	Comprensión e exposición dos conceptos básicos	40 % → 4
	Realización dos exercicios e actividades	40 % → 4
	Orde e limpeza nos cadernos e traballos	10 % → 1
	Actitude e participación	10 % → 1
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	Expresión oral (emocións, sentimentos...)	40 % → 4
	Comprensión de conceptos básicos	30 % → 3

	Actitude e participación	30 % → 3
--	--------------------------	----------

9.3 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso, levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado para:

- valorar o nivel de habilidades e de coñecementos previos que ten o alumnado respecto aos obxectivos previstos para o curso,
- para personalizar o proceso de ensino - aprendizaxe e ofrecer unha atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades.

Mediante a observación directa das actividades realizadas na aula, tanto orais como escritas, valorarase:

- nas linguas → a expresión oral e o vocabulario, a lectura, a comprensión lectora, a comprensión oral e a escritura.
- en Matemáticas → dominio das operacións básicas (suma, resta e multiplicación), comprensión da linguaxe matemática, resolución de problemas,

9.4 Criterios de promoción

PROMOCIONA:

- Todo o alumnado que supere os mínimos nas distintas áreas cunha cualificación positiva.
- Todo o alumnado que repetiu un curso na etapa de E. Primaria
- O alumnado que teña unha área suspensa.
- Alumnado con dúas áreas suspensas, sempre e cando as dúas ou unha delas non sexan instrumentais.

NON PROMOCIONA:

- a) Alumnado con tres áreas suspensas e que non estean repetindo curso.
- b) Alumnado con dúas áreas instrumentais suspensas (lingua galega, lingua castelá, matemáticas)

En caso de dúas áreas suspensas, a decisión de promoción ou non promoción dun alumno/a adoitarase do seguinte modo:

- Se se considera que pode seguir o ritmo do grupo ou progresar nos estudos do curso seguinte.
- A actitude positiva do alumno/a e o esforzo empregado en progresar nas aprendizaxes, superar dificultades e superar erros.
- A oportunidade da repetición para reforzar as aprendizaxes básicas.
- A conveniencia ou non da separación do alumno/a do grupo, coas repercusións positivas ou negativas que esta medida poida ocasionar.
- Tendo en conta o benestar emocional do alumno/a.
- asesoramento do Departamento de Orientación do centro.

Non obstante, cada alumno e alumna é un caso particular, de forma que a aplicación dos criterios de promoción será flexible e valorando obxectivamente as características, posibilidades e intereses do alumnado en relación co que se considera a mellor opción para que acade as finalidades da etapa.

9.5 Actividades de recuperación e os reforzos

As actividades de recuperación e os reforzos serán froito do consenso e colaboración dos distintos especialistas e mestres que presten apoio na aula:

- especialista de Audición e Linguaxe (A.L.)
- especialista en Pedagogía terapéutica (P.T.)
- Departamento de Orientación (facilitando material e asesoramento) naqueles casos en que as necesidades dos alumnos así o requiren.
- mestres de apoio na aula,
- mestre/a de reforzo (contratos-programa)

Co alumnado que presenta dificultades pequenas e que non requiren a intervención dos especialistas de PT ou AL, levarase a cabo un seguimento individualizado.

No caso de que nun alumno/a se detecten necesidades educativas especiais, recollerase no seu expediente persoal unha copia da valoración psicopedagóxica, os apoios e as medidas curriculares que fosen necesarias.

O profesorado con dispoñibilidade horaria fará os apoios dentro da aula que o departamento de orientación e xefatura de estudos establezan (tendo en conta as necesidades de apoio de todo o centro e a dispoñibilidade horaria do profesorado).

10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias → é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de planear tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a integración e a inclusión de todo o alumnado.
- Partiremos do nivel de cada alumno.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

Utilizaremos estratexias para controlar e mellorar a conduta:

- Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento daguna norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
- Facer un seguimento do seu traballo.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.

11 ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓNS AOS DISTINTOS PLANS E PROXECTOS

11.1 Acciós de contribución ao proxecto lector

A lectura ocupa un lugar destacado en tódolos cursos e é prioritario para nós levar a cabo actividades de animación á lectura.

- Diariamente facer lectura en voz alta, tanto o mestre/a como o alumnado, de textos que nos parezan interesantes e logo comentalos.
- Todos os días adicarlle un tempo á lectura silenciosa na aula, podendo aproveitar enunciados de actividades individuais en calquera materia que nos pareza conveniente.
- Renovación periódica de libros e outro material impreso (carteis, murais, mapas), que inciten á súa lectura.
- Realización de libros (contos libres ou dirixidos, individuais ou de grupo, de poemas, de adiviñas, de trabalinguas) que poden ser de creación propia ou de recollida de información dos nosos pobos.
- Realización de murais e carteis que recollan normas ortográficas e palabras que nos interesan resaltar pola súa ortografía ou vocabulario.
- Xogos de palabras, orais e escritos: palabras encadeadas, teléfono estropeado, adiviñar palabras...
- Lecturas en soporte dixital.
- Lectura da prensa na aula (na PDI ou impresa)
- Papel que desempeña a biblioteca do centro o grupo-clase, coma todos os outros grupos do centro, ten un día asignado para ir na hora do recreo á biblioteca. Poden levar libros da biblioteca para a casa mediante o sistema de préstamo. Tamén teñen unha sesión semanal para ir coa persoa titora á biblioteca, para ler ou buscar algún libro que lles interese.
- O grupo-clase participará nas actividades que se propoñan desde o Equipo de Biblioteca, EDLG, EACE,... para a mellora da competencia lectora.

11.2 Acciós de contribución ao plan tic

- Traballo con aplicacións na rede para colorear, facer crebacabezas, aprender letras, realizar operacións matemáticas, etc.
- Acceso a través da Rede a periódicos dixitais infantís.
- Visionado de material audiovisual para introducir ou reforzar as aprendizaxes.
- Uso da tablet con finalidades educativas.
- Fotografía das actividades feitas por eles para publicalas na Web do cole.
- Introducción ao uso de procesador de textos.
- Emprego guiado das tecnoloxías para a busca de información para diversos traballos.
- Uso guiado da aula virtual
- Coñecemento da páxina web do centro como medio de información e comunicación.

11.3 Acciós de contribución ao plan de convivencia

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

Este obxectivo acádase a través da:

- Xestión do grupo.
- Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula.
- Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos.
- Planificación e revisión de normas de conduta.
- Chegar a acordos coas familias e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo ao alumnado.
- Criterios educativos comúns, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene.
- Establecemento de modelos coherentes de comportamento
- Reforzo do papel da escola.
- Coordinación permanente para a realización de actividades dentro e fóra da aula:

- Favorecer nas horas de lecer, tanto dentro como fóra da aula, nos recreos, por exemplo, actividades que propicien a socialización e o trato e respecto entre iguais.

Á hora de tratar comportamentos anómalos e/ou disruptivos contémpanse as seguintes actuacións:

- Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas adxudicándolle tarefas de responsabilidade (por exemplo, mandalo a un recado a outro lugar fóra da aula) que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza o capricho/rabieta.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais hacia el/ela.
- Realizar entrevistas periódicas individuais con el/ela, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar o nivel de integración dentro do grupo.
- Facer un seguimento das súas condutas, anotándoas todas tal e como se produciron.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a axeitada e conseguir que os demais o ignoren cando se porta mal.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servirle de distracción.
- Estar o máis próximo a el/ela posible.
- De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, á que debe acudir tras facer un informe detallado desta decisión.

11.4 Accións de contribución ao proxecto lingüístico

Esta programación didáctica contribúe ao proxecto lingüístico do centro desenvolvendo no alumnado as seguintes capacidades:

- Adquisición de vocabulario que favoreza unha mellor comunicación lingüística.
- Mellora da comunicación e expresión oral tanto en calquera das linguas oficiais da comunidade así como na lingua estranxeira,
- Mellora da comprensión oral e escrita en calquera das linguas obxecto de estudo nesta etapa educativa,
- Adquisición de destrezas na expresión escrita en calquera das linguas obxecto de estudo,
- Interese pola literatura a través dos distintos xéneros literarios,
- gusto pola lectura
- Interese por coñecer aspectos da tradición oral e a súa importancia
- Enriquecemento cultural do alumnado,
- Respecto polas dúas linguas da súa comunidade así como pola lingua estranxeira

A través das seguintes actividades tipo.

- Copia significativa de textos adaptados ao nivel do alumnado.
- Ditados.
- Resumos
- Redacción de textos de diversa tipoloxía.
- Lectura en voz alta
- Actividades de comprensión lectora enfocadas a que teñan a necesidade de esforzarse en comprender.
- Diálogos
- Dramatizacións
- Exposicións orais en todas as áreas
- Debates

- Xogos que impliquen o respecto da quenda
- Memorización de cancións, trabalinguas, papeis en obras teatrais, refráns populares, ...

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1 Estas actividades tamén se verán afectadas pola situación que vivimos. Levaranse a cabo solo aquelas nas que a distancia entre o alumnado sexa o mínimo requirido para salvagardar a súa saúde. Estarán supeditadas á evolución da pandemia na nosa zona.

13 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NAS DIFERENTES ÁREAS

13.1 CIENCIAS DA NATUREZA

13.1.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
b e h i j	B1.1. Iniciación á actividade científica. B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. B1.3. Busca guiada de información en internet e outros soportes. B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.	B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CAA CCL CMCT CSIEE CCEC CD
			CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCT CSIEE
a b c m	B1.5. O traballo cooperativo. B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA CMCT CSC CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
a b e d h	B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos. B2.2. Comparación con outros seres vivos. B2.3. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.	B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CMCT CSC
			CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	CMCT CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
k m	B2.4. Identificación das partes do corpo humano. B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos.		CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCT CCL CSC
a b d h k m	B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.	B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	CMCT CSC
			CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCT CSC
b c e g	B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios. B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria.	B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	CMCT CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
e h l	B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais. B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.	B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	CMCT CCL
			CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	CMCT CCL
			CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCT

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c e h i j l m o	<p>B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno.</p> <p>B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes.</p> <p>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.</p>	B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	<p>CMCT</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p>
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
a b e h	<p>B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.</p> <p>B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá</p> <p>B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.</p>	B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	<p>CMCT</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
			CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	<p>CMCT</p> <p>CSC</p>
b g h	B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade.	B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	<p>CMCT</p>
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
a bc d	B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.	B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	<p>CMCT</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h j m	B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoira, espremedor etc.) B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá.	seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CMCT CSC CSIEE
a b h i	B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. B5.5 Coidado dos recursos informáticos.	B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCT CD CCL
			CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CMCT CD

13.1.2 Temporización, grao mínimo e criterios de cualificación para cada estándar de aprendizaxe

CIENCIAS DA NATUREZA			PRIMEIRO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	Busca información de forma guiada e comunica o resultado aos compañeiros	Escala de observación	X	X	X
CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía na observación.	Lista de cotexo	X	X	X
CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Traballa de xeito individual e en grupo. Respecta aos compañeiros.	Escala de observación	X	X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica trazos semellantes e diferentes das persoas	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración	X		
CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	Recoñece as partes principais do seu corpo	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración	X		
CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	Expresa os seus sentimentos	Expresión oral . Rúbrica.	X	X	X
CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	Sabe diferenciar un menú saudable do que non é saudable	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración	X		
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	Cóñece os hábitos saudables	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración	X		
CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	Trae merenda saudable ao colexio.	Lista de cotexo	X	X	X
CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	Explica as características principais de plantas e animais .	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración		X	
CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	Describe animais e plantas atendendo as súas características principais	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración		X	
CNB3.1.3. Aмосa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Respecta e coida os seres vivos.	Lista de cotexo		X	
CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	Recolle información e comunicaa aos seus compañeiros/as.	Rúbrica.	X	X	X
CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Lista de cotexo			X
CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	Mostra un uso responsable da auga na escola	Lista de cotexo			X
CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Identifica propiedades básicas dos obxectos cotiás.	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración			X

CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Coñece distintos oficios e evita estereotipos sexistas	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración	X	X	X
CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	Usa aparellos e máquinas simples na escola	Escala de observación			X
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	Identifica e nomea as partes dun ordenador	Análise das producións do alumnado. Escala de valoración			X
CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Usa o ordenador e a tablet de xeito responsable.	Escala de observación	X	X	X

13.1.3 Actividades tipo

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención.

Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía:

- Pequenas actividades de investigación.
- Pequenos experimentos dentro da aula.
- Observación de fenómenos meteorolóxicos
- Actividades propias do libro.
- Recursos fotocopiáveis con actividades de reforzo, repaso e ampliación.
- Actividades específicas de avaliación
- Actividades audiovisuais

13.1.4 Plan de reforzo e recuperación

Se ao longo do presente curso escolar se detectaran necesidades no alumnado con respecto a esta materia estableceríanse medidas de reforzo. Entre as que se destacan:

- Adecuación de obxectivos: priorizar, variar a temporalización.
- Incluír a elaboración de materiais curriculares diversos, específicos e adaptados ao alumno/a
- Reforzar o relativo a valores ou a determinadas capacidades de tipo afectivo
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza por parte do profesor: adecuación, re axuste...
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento dos casos e intervención cando a situación o aconselle.
- Apoio específico do profesorado non especialista dentro da aula

- Actividades de ampliación e profundización e de recuperación e reforzo.

13.1.5 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

Unha vez realizadas as probas de avaliación inicial e estudiadas as mesmas, co fin de iniciar o proceso educativo tendo en conta os coñecementos que realmente teñen os alumnos, e teranse en conta os resultados á hora de recibir os apoios e deseñar as actividades.

O departamento de Orientación organizará os apoios tanto dos profesores especialistas (P.T. e A.L.) así como do profesorado non especialista que vaia a apoiar os alumnos con dificultades de aprendizaxe.

13.1.6 Metodoloxía

Esta materia desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe, en agrupamentos de tipo individual ou en gran grupo.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na manipulación, e aprender a pensar. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, así coma a súa autonomía.

13.2 CIENCIAS SOCIAIS

13.2.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
b d e h	B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude	B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao	CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA CCL CD CMCT

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
			LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	CCL CSC CCEC
			LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	CCL CSC CCEC CAA
a b e	B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL CAA
b d e o	B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.	LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	CCL CAA CSIEE
E o	B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.	B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	CCL CAA CCEC CSIEE
a d e o	B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	CCL CSC
			LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL CSC
a d	B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos pro-	B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
e	fesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.		LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	CCL CCEC CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER				
b e l j o	B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia. B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	CCL CD CSC
			LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL
			LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	CCL CAA CSIEE
b e	B2.4. Interpretación da información das ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
a b e	B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	CCL CAA
			LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	CCL

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
a b e i	B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	CCL CAA CSC
			LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de telos.	CCL CAA CSC
a b e	B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL CAA CSC
a b e	B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.	B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	CCL CAA CSC CCEC
a b e m	B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
			LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR				
a b e	B3.1. Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as conven-	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	CCL CSIEE CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
	<p>B3.2. Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais).</p> <p>B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.</p>	<p>cións elementais da escrita.</p>	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL CAA CSIEE
			LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.	CCL
			LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL CSC CCEC
			LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	CCL CAA CSIEE
			LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.	CCL CAA CSIEE
a b e	B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	CCL CAA
a b e j o	B3.6. Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
b d e i j	B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.	B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	CCL CD CAA CSIEE
b e i j	B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.	B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.5.1. Ilustra con creatividade os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CD CSIEE
a b e i	B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	CCL CD CAA
			LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
e	B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio. B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	CCL CAA
			LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	CCL CAA
			LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	CCL CAA
			LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
b e	B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CCL CSC CCEC
e	B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL CAA
			LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.	CCL CAA
e o	B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CAA
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
b d e o	B5.1. Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte. B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	CCL CAA CCEC
			LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL CCEC
b d e i	B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	CCL CCEC CD
			LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL CCEC CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
b e o	B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos.	LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL CCEC CSC
a d e o	B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC
a d e o	B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.	B5.5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	CCL CCEC

13.4.2 Temporización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

LINGUA GALEGA E LITERATURA			PRIMEIRO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	Recoñece normalmente a información xeral dun texto dos medios audiovisuais	Escala de observación	X	X	X
LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	Contesta ás veces preguntas específicas sobre o contido do texto.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o	Escoita con atención aos seus compañeiros/as, contestando, como mínimo cando se lle pregunta.	Escala de observación	X	X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

que di o interlocutor e contestando se é preciso.					
LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	Mantén a atención, normalmente, cando se lle explica algo.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	Cóntalle , algunha vez, aos compañeiros/as experiencias propias.	Producións orais	X	X	X
LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.	Ás veces participa no traballo en pequeno grupo.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversacións e exposicións, sen interromper.	É quen de atender ás veces as conversacións dos demais sen interromper.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	Ás veces respecta as opinións dos demais.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	Ás veces é quen de respectar as quendas de palabra	Escala de observación	X	X	X
LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	Ás veces respecta as opinións dos demais.	Escala de observación	X	X	X
LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	Normalmente usa a lingua galega dentro da aula.	Lista de cotexo	X	X	X
LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	Ás veces mira a quen fala	Escala de observación	X	X	X
LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	Mantén ,en ocasións, o tema nun intercambio comunicativo oral, e algunhas veces demostra interese e unha actitude receptiva de escoita	Rúbrica	X	X	X
LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	Participa algunha vez na conversa e formula algunha pregunta.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	Usa fórmulas adecuadas para saudar, despedirse e agradecer.	Lista de cotexo	X	X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

LGB1.7.1. Amona respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	Ás veces respecta as ideas dos demais.	Escala de observación	X	X	X
LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.	Normalmente exprésase coa pronunciación e a entoación adecuadas.	Exposición oral. Rúbrica	X	X	X
LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	Ás veces recoñece a linguaxe discriminatoria	Lista de cotexo	X	X	X
LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	Normalmente usa una linguaxe respectuosa coas diferenzas.	Lista de cotexo	X	X	X
LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	Ten algunha dificultade para identificar a lingua galega con distintos contextos profesionais	Lista de cotexo	X	X	X
LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Emprega a lingua galega con persoas coñecidas e descoñecidas	Lista de cotexo	X	X	X
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	Contesta correctamente a tres preguntas sobre un texto sinxelo que fai referencia a feitos próximos á súa experiencia, procedente dos medios de comunicación.	Análise dos traballos/exercicios do alumnado. Lista de cotexo	X	X	X
LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	Contesta algunha pregunta concreta sobre textos sinxelos: invitacións, notas, mensaxes curtas...	Análise dos traballos/exercicios do alumnado. Lista de cotexo	X	X	X
LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).	Localiza, con algunha dificultade, información en textos breves e sinxelos: folletos, descricións, instrucións e explicacións.	Análise dos traballos/exercicios do alumnado. Lista de cotexo		X	X
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	Contesta correctamente a tres preguntas sobre unha ilustración	Análise dos traballos/exercicios do alumnado. Lista de cotexo	X	X	X
LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	Normalmente descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos	Escala de observación		X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	Le textos sinxelos en voz alta con algunha dificultade.	Escala de observación		X	X
LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	Utiliza, algunha vez, as bibliotecas de aula e de centro, e interesase polas normas básicas de funcionamento	Escala de observación	X	X	X
LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos.	Mostra ás veces que valora a utilidade das bibliotecas.	Escala de observación	X	X	X
LGB2.5.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	Normalmente ten interese na conservación dos seus libros.	Escala de observación	X	X	X
LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Normalmente mantén os seus libros ordenados e trátaos con coidado.	Escala de observación	X	X	X
LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Normalmente selecciona textos do seu interese con certa autonomía, e explica, algunhas veces, as súas preferencias lectoras.	Escala de observación	X	X	X
LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Ás veces expresa opinións sobre as súas lecturas	Escala de observación	X	X	X
LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	Produce, seguindo un modelo, textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	Elabora textos sinxelos cun mínimo de coherencia e creatividade	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.	Normalmente coloca o punto ao final dunha oración.	Análise dos traballos do alumnado. Lista de cotexo.		X	X
LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	Normalmente mostra interese por aplicar as regras ortográficas traballadas.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves,	Escribe unha noticia sinxela, seguindo un modelo, sobre acontecementos próximos a súa experiencia.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.					
LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.	Escribe un texto breve e sinxelo, seguindo un modelo, relacionados coa escola.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	Escribe un texto breve e sinxelo, seguindo un modelo, e recoñecendo o tipo de texto, normalmente.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	Elabora textos moi sinxelos con axuda, combinando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic...	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	Interésase polo uso dalgún procesador de textos, con axuda	Escala de observación		X	X
LGB3.5.1. Ilustra con creatividade os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	Realiza, algunhas veces, debuxos creativos para ilustrar os seus escritos.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.	X	X	X
LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	Amosa interese por presentar os seus textos cun mínimo de orde, limpeza e calidade caligráfica	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Valora, algunhas veces, a lingua escrita como medio para comunicarse ou de expresión creativa.	Escala de observación		X	X
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	Sinala, normalmente, a denominación dos textos traballados e distingue palabras e sílabas cometendo algúns erros	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	Na metade das veces diferencia as sílabas das distintas palabras.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	Na metade das veces identifica os nomes propios.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	Na metade das veces sinala o xénero e número de palabras dadas.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Coñece algunhas normas ortográficas sinxelas e interésase na súa aplicación	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.	Normalmente recoñece a relación entre son e grafía.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.		X	X
LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.	Separa, normalmente, as palabras que conforman un enunciado, cometendo poucos erros.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Coñece a existencia das dúas linguas: galego e castelán, e establece algunhas comparacións de aspectos moi elementais e evidentes	Escala de observación			X
LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Escribe pequenos textos literarios con axuda e usando modelos: contos breves, refráns, adiviñas...	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.			X
LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	Interésase preguntando, algunha vez, por outros costumes e formas de relación social, amosando respecto pola diversidade cultural.	Escala de observación	X	X	X
LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	Le textos infantís, de forma guiada, en silencio.	Escala de observación		X	X
LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le textos infantís, de forma guiada, en voz alta.	Escala de observación		X	X
LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	Comunica, algunhas veces, sentimentos ou experiencias persoais escribindo pequenos textos.	Análise dos traballos do alumnado. Escala de valoración.	X	X	X
LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Ás veces mostra que valora a literatura en calquera lingua	Escala de observación	X	X	X
LGB5.5.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	Ten curiosidade por coñecer outros costumes.	Escala de observación	X	X	X

13.4.3 Actividades tipo

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención.

Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía:

- Actividades propias do libro.
- Recursos fotocopiabes con actividades de reforzo, repaso e ampliación.
- Recursos fotocopiabes con actividades de grafomotricidade, lectura
- Actividades de comprensión lectora
- Actividades de intercambios orais (diálogos, entrevistas, asembleas, postas en común,...)
- Actividades específicas de avaliación
- Actividades audiovisuais, contacontos, audiolibros

13.4.4 Plan de reforzo e recuperación

Se ao longo do presente curso escolar se detectaran necesidades no alumnado con respecto a esta materia estableceríanse medidas de reforzo. Entre as que se destacan:

- Adecuación de obxectivos: priorizar, variar a temporización.
- Incluír a elaboración de materiais curriculares diversos, específicos e adaptados ao alumno/a
- Reforzar o relativo a valores ou a determinadas capacidades de tipo afectivo
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza por parte do profesor: adecuación, re axuste...
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento dos casos e intervención cando a situación o aconselle.
- Apoio específico do profesorado non especialista dentro da aula
- Actividades de ampliación e profundización e de recuperación e reforzo.

13.4.5 Aprendizaxes non adquiridas o curso pasado

Unha vez realizadas as probas de avaliación inicial e estudadas as mesmas, co fin de iniciar o proceso educativo tendo en conta os coñecementos que realmente teñen os alumnos, e teranse en conta os resultados á hora de recibir os apoios e deseñar as actividades.

O departamento de Orientación organizará os apoios tanto dos profesores especialistas (P.T. e A.L.) así como do profesorado non especialista que vaia a apoiar os alumnos con dificultades de aprendizaxe.

13.4.6 Metodoloxía

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos, dominando a lingua oral e escrita de xeito

funcional.
Os contidos da área de lingua están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contextos reais, polo que será importante traballar a parte competencial de maneira que o coñecemento se transforme en acción e aplicalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

13.5 LINGUA CASTELÁ

13.5.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
a c d e	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL CAA CSC
			LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL CAA CSC
b e	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL CSC
a b e	B1.3. Participación en situación de comunicación de aula, espontáneas ou dirixidas, organizando, de forma xeral, o discurso.	B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
b e	B1.4. Interese pola ampliación de vocabulario. B1.5. Creación de redes semánticas moi sinxelas.	B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e i	B1.6. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e procedentes de diversas fontes.	B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA
b d e i	B1.7. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CCE CAA
b e	B1.8. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL CAA CCEC
b e	B1.9. Dramatizacións de textos infantís.	B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
b e	B1.10 Produción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.	B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CCL CSIIE
LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba			CCL	
LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...			CCL	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a d e m	B1.11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
a b e	B1.12. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.	B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL CAA CSC CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
b e	B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.	B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
b e	B2.2. Inicio ás estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións moi redundantes.	B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL CAA
e	B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.	B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	CCL CAA
b e	B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.	B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
			LCB2.4.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e	B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector.	B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CCL CD CAA
a b e	B2.6. Iniciación á creación da biblioteca persoal.	B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				
e	B3.1. Recoñecemento e utilización de recursos gráficos na comunicación escrita.	B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	CCL
			LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...	CCL
e	B3.2. Uso de elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación escrita.	B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
b e	B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura. B3.4 Produción de textos segundo Plan de escritura.	B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...	CCL CD CAA
			LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL CAA
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
b e	B4.1. A palabra. Iniciación ao orde alfabético. Recoñecemento das características e uso das diferentes clases de palabras. Xénero e número do nome. Tempos verbais.	B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL
			LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL
			LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.	CCL
			LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	CCL
			LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	CCL
b e	B4.2. Vocabulario. Sinónimos e antónimos. Aumentativos e diminutivos. Comparacións e palabras derivadas.	B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
			LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL
			LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL
			LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	CCL
b e	B4.3. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.	B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	CCL
e	B4.4. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.	B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	CCL
e i	B4.5. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao alcance e propios da súa idade.	B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativas dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL CD CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e o	B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CSC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
d e	B5.1. Coñecemento e lectura guiada de contos tradicionais: maravillosos, de fórmulas, de animais, ...	B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...	CCL CCEC
			LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	CCL CAA CCEC CSC
d e	B5.2. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. B5.3. Uso da biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	B5.2. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL CCEC
			LCB5.2.2 Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL CAA
		B5.3. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.	LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL CAA
b d e	B5.4. Recreación e composición de textos literarios: contos, poemas, adiviñas.	B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CCEC
d e o	B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC

13.5.2 Temporización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			PRIMEIRO		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DO ESTÁNDAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORIZACIÓN		
			1º T	2º T	3º T
LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	Expresa sentimentos, vivencias, emocións ou ideas, anque con certa dificultade	Rúbrica	X	X	X
LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	Integra progresivamente as normas socio-comunicativas máis básicas nas interaccións orais.	Escala de observación	X	X	X
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	Frecuentemente emprega un ton de voz e entoación adecuados nas súas interaccións orais	Escala de observación	X	X	X
LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	Participa en situacións de comunicación próximas á súa realidade, de forma guiada	Escala de observación	X	X	X
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	Utiliza un vocabulario axeitado pero pouco variado.	Lista de cotexo	X	X	X
LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Demostra que comprende a mensaxe e a información literal de textos breves e sinxelos.	Escala de observación	X	X	X
LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	Identifica con imprecisións as ideas principais nunha reportaxe audiovisual sobre un tema de interese.	Escala de observación	X	X	X
LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	Reproduce anque de forma pouco precisa, e a veces con axuda, cancións, contos e poemas.	Escala de valoración		X	X
LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	Representa pequenos papeis teatrais adecuando algunhas veces o ton da voz e o volume.	Escala de valoración		X	X
LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	Ás veces.	Rúbrica		X	X

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020-2021

LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba	Normalmente describe persoas, animais, obxectos e lugares, seguindo unha orde, pero de xeito guiado	Rúbrica	X		
LCB1.9.3. Utiliza correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...	Utiliza polo menos dúas expresión de tempo distintas para ordenar as rutinas.	Rúbrica		X	X
LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Mostra respecto cara ás intervencións dos demais.	Escala de observación	X	X	X
LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	Ás veces.	Lista de cotexo	X	X	X
LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	Leva a cabo unha lectura aceptable, dun pequeno texto de distinta tipoloxía.	Escala de observación		X	X
LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	Relaciona a información do título e das ilustracións, aunque con imprecisións asumibles.	Escala de observación	X	X	X
